

Memoria Xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a Sociedade Hispano Brasileira de Socorros Mutuos e Instrução para a instalación de equipamentos e sistemas de prevención contra incendios na sede social

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndenlle, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras: as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude e as atribuídas á Comunidade Autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

A Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes a potenciar e reforzar os vínculos coa nosa cultura das persoas galegas residentes fóra de Galicia, que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior. Estas entidades galegas son asociacións nas que tradicionalmente se reúnen as persoas emigrantes e as súas familias para manter vivos os costumes que nos son propios e reforzar os lazos sociais e culturais. Arredor destas asociacións reúnese un gran número de persoas galegas, que son os axentes principais a través dos que Galicia fomenta a súa cultura.

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar coa Sociedade Hispano Brasileira de Socorros Mutuos e Instrução para a instalación de equipamentos e sistemas de prevención contra incendios na sede social.

A Sociedade Hispano Brasileira de Socorros Mutuos e Instrução é unha entidade sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro da Galegitude como centro colaborador da galegitude, que ten entre os seus obxectivos ser punto de reunión dos galegos, compartir a cultura galega e colaborar cos compatriotas.

A entidade conta cun inmovible en propiedade situado na rúa Ouvidor Portugal, 541, Sao Paulo (Brasil) no que precisa adecuar e actualizar os sistemas de defensa contra incendios para cumprir coa legalidade vixente. O custo total estimado da actuación é de 9.114,00 euros, segundo o orzamento presentado, e á entidade élle imposible asumilo cos seus propios recursos.



A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrència pública.

Debido ás circunstancias socio-económicas do país ao que se dirixe esta axuda, no que é habitual e legal realizar os pagamentos en efectivo con independencia da contía, resulta adecuado acollerse ás previsións do artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e permitir a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

Para dar cumprimento ao obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará unha contía de 9.114,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 44.05.312C.781.0 (Código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

